

Ref.: LA2301

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA NOVA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO CONCURSO PÚBLICO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS DE AGARDA DE PERSOAL DOCENTE DE SUBSTITUCIÓN. CURSO ACADÉMICO 2023-2024.

Publicada con data 29 de agosto de 2023 relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no concurso público para a elaboración de listas de agarda de persoal docente de substitución, curso 2023-2024, atendendo ao contido da Resolución Reitoral de 19 de setembro de 2023 que estima recurso de reposición interposto por dona Margarita Pastoriza Cabaleiro,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Aprobar unha nova persoas admitidas e excluídas no concurso público para a elaboración de listas de agarda de persoal docente de substitución, curso 2023-2024 declarando candidata incluída na lista de agarda LA2301-X14-105-PI-TP-01 a Margarita Pastoriza Cabaleiro.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición contra esta resolución no prazo dun mes contado dende o día seguinte da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor,
P.D. (R.R. de 20 de abril de 2023)
A VICERREITORA DE PROFESORADO E ORDENACIÓN ACADÉMICA,
(asinado dixitalmente)

Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da Universidade de Vigo

